

## **CONSELLO PARROQUIAL**

### **BORA 24/05/16**

#### **ASISTENTES:**

- Dous membros da Comunidade de Montes de Castrolampán
- Varios membros da directiva da AAVV de Bora
- Asoc. Cultural Amoriños de Bora
- Comunidade de Montes Pio Lameliña
- Asociación Corticeira
- Veciños da parroquia
- Alberto Oubiña

O concelleiro delegado da parroquia Alberto Oubiña reúne cos membros do consello parroquial de Bora para presentar as vindeiras obras a realizar na parroquia, así como para recoller novas propostas. A xuntanza comenza coa seguinte orde do día:

- Obras
- Información de interese
- Suxerencias e peticións

#### **OBRAS**

1. Cardosa
2. Igrexa
3. Lameliña
4. Cemiterio
5. Leirados
- 6.

##### **1.- A Cardosa**

Proxecto priorizado polo consello parroquial. Pavimentación do camiño entre a estreda PO-542 e A Corval. Orzamento de 14.700 € aproximadamente

- Recollida de augas
- Pavimentado en formigón con tinte de cor
- Canalización da auga
- Conexión á rede xeral de saneamento

##### **2.- Igrexa**

Obra cun custo aproximado de seis mil euros (6.000 €); tamén priorizada polo consello parroquial e que consta do seguinte:

- Colocación de reductor de velocidade. O consello parroquial pide que se coloquen antes do cruceiro e despois da igrexa para deixar libre o espazo polo que transcorre a procesión.
- 

##### **2.- Lameliña**

O proxecto ten un custo aproximado de quince mil euros (15.000 €) e consta do seguinte:

- Na zona próxima ao lavadorio existe un problema importante de atasco de auga. A solución é recuperar a canalización antiga que vai dar a un pozo de rexistro.
- Desatascar a canalización de pedra existente.
- Construcción de cunetas de formigón a ambos lados. Farase un sobreancho no tramo entre a tubería e a estrada para que non medre herba e provoque novos atascos.
- Drenaxe de auga e reparación dunha pista que se atopa en moi malas condicións.
- 

#### **4.- Cemiterio**

O consello parroquial amosa a súa satisfacción pola obra, xa feita, de rehabilitación do muro de pedra do cemiterio. Colocouse unha barandilla que pedirán os veciños e en algunhas zonas solucionouse o problema de recollida de augas. Queren que se enterre o gancho de peche do portal de entrada porque se tropeza con él.

#### **5.- Leirados**

Reparación dun tubo mal colocado

### **INFORMACIÓN DE INTERÉS**

Presentación de diversos temas de interés:

- Inicio da campaña de bacheo e desbroce. Notificar as zonas onde sexa necesario.
- As asociacións ou comisións de festas que necesiten que se limpe algún espazo para a celebración de festas teñen que pedilo coa suficiente antelación.
- Vaise a retirar a placa franquista do colexio Pío e colocar outra co nome do local social e o ano en que foi feito.
- Preguntar se a parroquia estaría interesada en facer o curso de Memoria na rede
- Está firmado un contrato para desbroce de zonas de centralidade parroquial e o Colexio Pío está incluído
- A liña de traballo na parroquia será combinar os traballos que están no plan de parroquia con novas peticións veciñais urxentes. Todos os asistentes amosan a súa aprobación.
- A estrada que pasa por diante do centro social é competencia de Fomento. Dende o Concello vai presentar un escrito ante este organismo para que arranxe a zona e aconsella que se faga o mesmo dende o Consello Parroquial.

### **SUXERENCIAS E PETICIÓNS**

- Abrir unha canaleta que foi cerrada na zona da Lameliña
- Acceso a dúas vivendas en Leirados e intentar solucionar o problema coas augas
- Arranxo camiño dende o Cruceiro ata a Igrexa
- Intentar facer a zona de aparcamento do cemiterio máis cha, canalizar a auga ata a parte de abaixo e poñer unha valla protectora.
- Estudar unha posible solución para o problema das augas que baixan do monte na entrada a Leirados dende Mourente.
- Entrada a igrexa en pedra.
- Recollida de augas no lugar de O Teso. Hai unha canaleta feita a man e non desauga. O concelleiro informa que xa veu o técnico municipal a ver a zona e habería que modificar unha canalización de auga para evitar o seu estancamento nunha vaguada da zona. Para levar a cabo a obra é necesario o permiso dun

- veciño para ocupar parte da súa propiedade. Co cal queda pendente polo de agora.
- Colocar un interruptor xeral no local ocupado pola asociación Amoriños de Bora para cortar toda a corrente e evitar o risco de incendio
  - Recollida de augas da Corbal
  - Facer un consello parroquial monográfico sobre compostaxe
  - Solicitan a colocación de paneis informativos por varios lugares da parroquia. Acórdase que varias persoas propoñan os lugares para posterior filtro.